

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002347	CEIP Pérez Viondi	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área de Educación Plástica e Visual.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición

Cada unha das 3 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para adquirir técnicas e procedementos acordados á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Compre salientar que a aula de 1ºA está formada por 20 alumnos e a aula de 1ºB conta con 21 alumnos, todos eles con idades comprendidas entre os 5/6 anos e sendo a maioría castelán falantes.

O noso centro está enmarcado no interior de Galicia, nun contexto urbano duns 20.700 habitantes que traballan principalmente sector secundario e gran parte do alumnado ten relación co medio rural que rodea o casco urbano. Esta PD aproveitará as posibilidades que ofrece a nosa contorna a través das diferentes UD.

Utilizaranse diversos métodos de aprendizaxe que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe potenciando as habilidades do alumnado e facendo fincapé na atención a diversidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cambiamos de estación	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da expresión plástica a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	35	13	X		
2	O frío inverno	Esta UD2 prosegue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	35	11		X	
3	Tempo de chuvia e flores	A UD3 terá como propósito fundamental o traballo audiovisual e o fío condutor será a primavera.. As Letras Galegas serán de especial relevancia. Traballarase de maneira máis sistemática de maneira cooperativa e en grupos deixando mais liberdade na planificación e creación de obras artísticas empregando técnicas propias das artes audiovisuais.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cambiamos de estación	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre o emprego da arte con elementos naturais: Frottage (técnica artística que consiste en frotar pinturas sobre un obxecto conseguindo unha impresión de forma e textura).	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe elementos de obras célebres relacionadas co corpo, e co outono.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada ideas e emocións a través do uso de cores (frías e quentes) e manifestacións artísticas sinxelas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica de forma guiada a obra final realizada.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respetto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
2	O frío inverno	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre as composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro e as formas e texturas relacionadas coa temática dos animais. descobre a técnica do puntillismo.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe de forma oral e gráfica elementos relacionados coas figuras xeométricas, texturas e formas dos animais.		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca información básica sobre artistas famosos.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica o significado de obras sinxelas que usan formas xeométricas básicas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora portadas e colaxes empregando as ferramentas e as técnicas básicas: recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores... e as técnicas plásticas descubertas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa e forma guiada ideas e emocións a través de manifestacións plásticas sinxelas que impliquen o uso de formas xeométricas e texturas diferentes.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira positiva e activa no traballo de grupo.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa no proceso de creación artística en grupo.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o resultado final dunha produción persoal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e

Contidos

- artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Tempo de chuva e flores	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica no ordenador e na pantalla dixital diferentes formas de representar a Natureza. Descobre as estaciona de Vivaldi.	TI	100
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe de forma guiada elementos de manifestacións culturais audiovisuais..		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca información sinxela sobre obras audiovisuais.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica, de maneira guiada, o significado de diferentes obras audiovisuais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa de maneira activa na produción dunha proposta audiovisual relacionada co verán.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada emocións a través de manifestacións audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada e positivo no proceso de creación dunha obra audiovisual relacionada co verán.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Utiliza elementos básicos da linguaxe audiovisual.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte de anexar guiada a experiencia de creación audiovisual.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente P.D remítese en primeira instancia as liñas de actuación reflectidas no currículo as cales se levarán a cabo o longo do curso.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde,

xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Traballaremos as principais partes do corpo humano e os hábitos saudables relacionados co benestar físico e participaremos no proxecto "Alimentate Ben". Ademais, realizaremos xogos de rol para identificar emocións e compartiremos accións que favorezan o benestar físico e emocional.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos. Algunhas actividades a levar a cabo: analizar de que están feitos e como funcionan os seus xoguetes, desenvolver actividades cos scornabots.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<p>RECURSOS PERSOAIS: coma recursos persoais destacamos a labor do profesor titor que será o encargado de impartir a materia pero non podemos esquecer a labor do resto de docentes do centro que poderán colaborar de forma coordinada. É de especial importancia contar coa colaboración dos especialistas de PT e AL e co asesoramento do Orientador/a do centro que guiará a labor do mestre cando este presencie algunha necesidade específica no alumnado. Non podemos esquecer a figura do bibliotecario que axudará facilitando diversos. É moi importante involucrar as familias no proceso de aprendizaxe do alumnado polo que debemos establecer unhas adecuadas canles de comunicación e programar actividades que os faga partícipes neste proceso. Por último a labor de todas aquelas entidades e asociacións (concello, museos, teatro...) que nos ofertan actividades educativas e que poden ser moi interesantes para ampliar e reforzar os coñecementos do alumnado.</p>
<p>RECURSOS MATERIAIS: son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo diario na aula. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, pegamento, block de debuxo, cartolinas, ceras, rotuladores, regras...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, libro de texto do alumnado.</p>
<p>RECURSOS TECNOLÓXICOS: a aula ordinaria conta cos seguintes recursos tecnolóxicos de xeito permanente: un ordenador, unha pizarra dixital e un proxector, Existen no centro outros espazos a disposición do alumnado con outros recursos tecnolóxicos: scornabots, tablets, ordenadores...</p>
<p>RECURSOS DIXITAIS: contamos con aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, actividades interactivas... Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.</p>
<p>RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro onde atopamos fondos de consulta e lecer, a biblioteca creativa, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de informática aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.</p>

Entendemos por material ou recurso didáctico calquera elemento, soporte material ou tecnolóxico que é utilizado polo docente para facilitar os procesos de ensinanza aprendizaxe e así facer máis eficiente ou completara labor.

A aula e espazosa e permite mover o mobles en función das necesidades de traballo (individual, pequeno grupo ou gran grupo) conta unha pizarra dixital, proxector, ordenador, altofalantes, encerado clásico e diversos mobles de almacenaxe de libros, xogos, materiais manipulativos...

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: libros de texto do alumnado, libreta de dobre pauta ancha, carpeta, pegamento, tesoiras e estoxo (con lapis, goma, afialapis, cores, rotuladores e lapis bicolor).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha avaliación inicial co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información aportada por parte do equipo docente anterior.

A avaliación inicial levarase a cabo cando se incorpore alumnado e nas primeiras semanas do curso para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumno/a en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- Alumnado do centro, o cal a persoa docente é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente do curso anterior.
- Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.
 - Test da figura humana.
 - Comprensión de imaxes para identificar e describir a súa contorna,
 - Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.
 - Realización dun póster que implique : debuxo, uso das cores, recortar e pegar.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual, para tal efecto a titora informará ao DO do resultado da avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación que son as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán: análise das producións do alumnos(caderno de clase, textos escritos, producións orais, resolución de exercicios e problemas) e observación sistemática (análise continuado das tarefas de clase para o

cal utilizaremos escalas de observación) e a través delas observaremos os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

-1º trim.: UD1 100%
-2º trim.: UD2 100%
-3º trim.: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%
-2º trim. 35%
-3º trim. 35%

A cualificación da avaliación final da materia coincidirá ca nota da terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) Realizarse un plan de traballo individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
O nivel de coñecementos.
O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, adaptación dos tempos na realización de tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
 Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro)
 Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.
 No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención a diversidade) en relación ao perceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.
 Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual			X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento d creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e do desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde.	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais 5 e 6 traballaranse, de xeito especial, través das conmemoracións do Día internacional da Muller e o Día da Paz.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Visita á biblioteca municipal (Casa das Letras)	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: o Día da paz, o Día da NON Violencia de Xénero, Día Mundial da Saúde, Día do medio Ambiente?	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración do Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, fin de curso...	Celebracións realizadas dentro do centro escolar e aprobadas no claustro de profesores.	X	X	X

Observacións:

Poderemos realizar, ademais das mencionadas con anterioridades, todas aquelas que sexan aprobadas en claustro e que estean relacionadas cos contidos e obxectivos académicos correspondentes a etapa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Funcionalidade da PD: revisouse o longo do cursos e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumplíuse a temporalización establecida.
Metodoloxía empregada
Empregáronse as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose comunicación co resto do equipo docente do grupo.
Mantívose contacto coas familias.
Outros
Realizouse a avaliación a través do análise das producións do alumnos e da observación sistemática.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que

mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado

9. Outros apartados